Saída de 2.º da ESO a San Pedro de Vilanova (Vedra), O Santiaguiño do Monte (Padrón) e o Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela)

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, dentro do programa ***Vedra medra co feitizo do Camiño*** e o Departamento de Xeografía e Historia promoven esta saída didáctica que comprende tres centros de interese.

A súa elección vén determinada pola especial atención que se lle está prestando o curso 2017/18 ao Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Vedra (A Ruta da Prata) dentro do programa de educación patrimonial MIRANDO POLO CAMIÑO.

O pasado 3 abril, o alumnado de 2.º da ESO achegouse ao santuario e a fonte do Santiaghiño, na parroquia de San Pedro de Vilanova, por seren dous fitos do Camiño Real de Ourense a Santiago que atravesa terras vedresas.

Despois visitou O Santiaguiño do Monte en Padrón, segundo dos santuarios menores obxecto de atención nesta saída e un dos de maior tradición xacobea en Galicia. Esta tradición identifícao como un dos santos lugares onde estivo predicando o apóstolo Santiago. Como elementos de referencia e interese, salientamos a ermida, o singular rochedo situado ao seu carón, a cama do santo e a fonte milagreira.

Xa en Compostela, o Museo das peregrinacións de Santiago constituíu o punto final do percorrido.

O museo, situado na Praza das Praterías, conta con importantes fondos relativos á iconografía xacobea, con representacións da figura do apóstolo Santiago procedentes das distintas rexións peninsulares e mesmo doutros moitos países. Dispón tamén dunha importante colección de acibeche, tan vinculado á cidade compostelá e á peregrinación, así como un fondo bibliográfico antigo sobre o culto xacobeo e a Orde de Santiago ao que se engade un fondo documental sobre as peregrinacións en xeral, a peregrinación xacobea, o Camiño de Santiago e a cidade de Compostela.

Xulia Marqués

Coordinadora do EDLG e de **Vedra medra**